


Teño un buraco no corazón



Álvaro Castro Cajade
2º ESO A

Teño un buraco no corazón



Teño un buraco no corazón
e non sei ben de que é.

Xa non respiro ben!
Todo me ule mal!
O aire primaveral comeza a ennegrecer!
O mes de agosto, nin verán é!

Agora todos pensamos:
O mundo que tolo é!

Teño un buraco no corazón
e xa sei ben de que é...

A atmósfera está furada
un parche no ozono ten.
Corremos perigo humanos
pola nosa mala fe.

Teño un buraco no corazón
e a Capa do ozono tamén.

Debemos poñer remedio
para poder estar ben
Eu, fareino...
e ti tamén...
para sandar os nosos males
e a nosa mala fe.

Debemos coidar a nosa Terra
que sen ela pouco ha valer
poñer remedio e sandar
se non a tratamos ben.

Teño un buraco no corazón
e a Capa do ozono tamén.

E, sabes? Xa sei por que
Todos xuntiños e con boa fé
debemos coidar o noso planeta
que a noso fogar é.

Si, si todos collidos das mans
Animo humanos!
Adiante co plan!
a Terra ha de sandar!
E polo noso ben ...

Habemos facelo xa !